

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

20767 *Real decreto 2002/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto.*

O nomeamento de intérpretes xurados polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación está regulado polos artigos 13 e seguintes do Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto, e parcialmente modificado polos reais decretos 889/1987, do 26 de xuño, 752/1992, do 27 de xuño e 79/1996, do 26 de xaneiro.

Esta dispersión normativa, unida aos motivos que a seguir se expoñen, aconsellan a modificación deste regulamento.

En primeiro lugar, cómpre adaptar esta normativa ao disposto na Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que obrigan a modificar determinados artigos do Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, contidos no seu capítulo II, así como as normas derivadas deste. Entre as modificacións necesarias destacan a eliminación da obriga das delegacións e subdelegacións do Goberno de levar un rexistro dos tradutores/as-intérpretes xurados/as nomeados na súa provincia, a eliminación da obriga dos tradutores/as-intérpretes xurados/as de comunicaren as súas tarifas á Oficina de Interpretación de Linguas e á delegación ou subdelegación do Goberno correspondente e a previsión de que os tradutores/as-intérpretes xurados/as desexen fixar a súa residencia no estranxeiro. Así mesmo, incorpórase ao Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas contido de grande importancia que antes se regulaba en normas de menor rango, como a validez do título de tradutor/a-intérprete xurado/a en todo o territorio nacional e a non vinculación orgánica nin laboral deles coa Administración pública.

En segundo lugar, cómpre ter en conta a nova configuración dos estudos de grao derivada da adaptación das titulacións aos criterios do Espazo Europeo de Educación Superior, que modificou substancialmente a situación anterior e avoga por unha menor especialización nos diferentes títulos. Así mesmo, a multiplicación de centros que imparten ensinanzas en tradución e interpretación, ou de carácter análogo, cada un cos seus propios plans de estudo en virtude do principio de autonomía universitaria, está dando lugar a unha gran diversidade de criterios, algúns moi heteroxéneos, á hora de avaliar as aptitudes académicas dos estudantes. Como consecuencia de todo isto, o papel do ministerio foise reducindo ao de mero axente de tramitación e expedición de títulos, con mínimas posibilidades de supervisar as cualificacións dos futuros profesionais cuxo nomeamento, porén, é responsabilidade exclusiva do propio ministerio.

Co fin de garantir un nivel homoxéneo de aptitude, o real decreto adapta os requisitos de formación exixidos para o acceso ao título de tradutor/a-intérprete xurado/a á nova ordenación das ensinanzas universitarias establecida no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, exixíndose que todos os que accedan ao título superasen o exame xeral establecido para calquera candidato, salvo o previsto para o recoñecemento de cualificacións profesionais nas directivas da Unión Europea. Non obstante o anterior, cabe sinalar que, ben que o novo artigo 8 xa non prevé o acceso ao título de tradutor/a-intérprete xurado/a mediante exención de exame a aqueles que obtivesen a licenciatura en tradución e interpretación, esta posibilidade seguirá aplicándose de maneira transitoria co obxecto de garantir que aquelas persoas que cursasen ou estean

cursando actualmente a licenciatura en tradución e interpretación poidan acceder ao título nas mesmas condicións que o resto de licenciados.

En terceiro lugar, e en virtude da modificación introducida no Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas polo Real decreto 752/1992, do 27 de xuño, que derogou o seu capítulo II, procedeuse a renumerar e a titular os artigos do citado regulamento, co fin de lle proporcionar máis claridade, ao ter sufrido xa diversas modificacións.

Finalmente, e para efectos de actualizar e ampliar o horizonte destes profesionais, considerouse necesario reflectir, na súa denominación, a súa dobre condición de tradutores/as e de intérpretes xurados/as, pois no seu labor desempeñan ambos os tipos de funcións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de aprobación da vicepresidenta primeira e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto.*

O Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto, terá a seguinte redacción:

Un. O Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores pasa a denominarse «Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación».

Dous. O artigo 1 do Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto, titularase «A Oficina de Interpretación de Linguas» e terá a seguinte redacción:

«A Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación é o máximo órgano da Administración do Estado en materia de tradución e interpretación de linguas.»

Tres. O artigo 2 titularase «Funcións da Oficina de Interpretación de Linguas» e os seus números 3, 8 e 10 terán a seguinte redacción:

«3. A tradución para o castelán ou para outras linguas estranxeiras de documentos de carácter diplomático, consular ou administrativo do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, así como de todos aqueles documentos que, emanando dos órganos superiores do Estado, afecten as súas relacións exteriores e dos cales deba quedar constancia oficial.

8. A organización e cualificación dos exames de tradutores/as-intérpretes xurados/as e a revisión, cando así o soliciten as autoridades competentes, das traducións realizadas polos tradutores/as-intérpretes xurados/as.

10. En xeral, a realización de todas aquelas tarefas de tradución, para o castelán ou para outras linguas, ou de interpretación que, non estando comprendidas en ningún dos números anteriores, lle sexan encomendadas polo ministro, o subsecretario ou o secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.»

Catro. O artigo 3 titularase «Excepcións» e manterá a redacción actual.

Cinco. O artigo 4 titularase «Relacións con outros organismos nacionais e internacionais» e terá a seguinte redacción:

«A Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e

de Cooperación será, así mesmo, o órgano de comunicación coas institucións competentes en materia de tradución e interpretación de linguas da Unión Europea, de organismos internacionais e doutros países. Así mesmo, manterá contacto permanente con institucións similares das comunidades autónomas.»

Seis. O artigo 5 titularase «Corpo de tradutores e intérpretes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación» e o seu segundo parágrafo terá a seguinte redacción:

«Nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación figurarán os postos que, en función dos criterios reflectidos no parágrafo anterior, estean adscritos aos funcionarios do corpo de tradutores e intérpretes.»

Sete. Substitúese a denominación do capítulo II «Dos intérpretes xurados» por «Dos tradutores/as-intérpretes xurados/as».

Oito. O artigo 13 pasa a ser o artigo 6 co título «Traducións e interpretacións xuradas» e terá a seguinte redacción:

«1. As traducións e interpretacións dunha lingua estranxeira para o castelán e viceversa que realicen os tradutores/as-intérpretes xurados/as terán carácter oficial, e as traducións poderán ser sometidas a revisión pola Oficina de Interpretación de Linguas cando así o soliciten as autoridades competentes.

2. Os tradutores/as-intérpretes xurados/as poderán certificar coa súa sinatura e selo a fidelidade e exactitude das súas actuacións, empregando a fórmula que para tal efecto se dite na orde de desenvolvemento deste real decreto. Nesta orde indicárase, así mesmo, a forma e o contido exacto do selo.

3. Os tradutores/as-intérpretes xurados/as desempeñarán o seu labor de acordo coas orientacións que, de ser o caso, poida ditar a Oficina de Interpretación de Linguas en desenvolvemento deste real decreto.»

Novo. O artigo 14 pasa a ser o artigo 7 co título «Exames de tradutores/as-intérpretes xurados/as» e terá a seguinte redacción:

«1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación outorgalle o título de tradutor/a-intérprete xurado/a a quen supere os exames convocados pola Oficina de Interpretación de Linguas de tradución e interpretación para o castelán e viceversa das linguas estranxeiras determinadas en cada convocatoria.

2. O título de tradutor/a-intérprete xurado/a non confire ao seu titular a condición de funcionario público nin supón o establecemento de ningún vínculo orgánico nin laboral coa Administración pública.»

Dez. O artigo 15 pasa a ser o artigo 8 co título «Requisitos para acceder ao título de tradutor/a-intérprete xurado/a» e terá a seguinte redacción:

«1. Os exames a que se refire o artigo anterior realizaranse, con carácter xeral, unha vez ao ano, de acordo co que determine o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e poderase ampliar ese prazo como máximo en dous anos en caso de non ter podido finalizar o proceso inmediatamente anterior. Para poder participar neles será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Posuír, polo menos, un título español de grao ou un título estranxeiro que fose homologado a este, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira.
- c) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

2. De acordo co disposto no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, e na correspondente normativa vixente da Unión Europea, poderán solicitar o

recoñecemento das súas cualificacións profesionais aqueles nacionais dos Estados membros da Unión Europea e dos países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que recibisen no seu país a habilitación correspondente para exercer a profesión de tradutor/a-intérprete xurado/a.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Oficina de Interpretación de Linguas, é competente para o recoñecemento das cualificacións profesionais de nacionais dalgún Estado membro da Unión Europea ou dos países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, logo de verificación da correspondencia entre a formación estranxeira e española, aplicando, de ser o caso, as medidas compensatorias que se coiden oportunas.»

Once. O artigo 16 pasa a ser o artigo 9 co título «Exercicio da actividade» e terá a seguinte redacción:

«1. Unha vez obtido o título de tradutor/a-intérprete xurado/a, de acordo co establecido nos artigos 7 e 8, o exercicio da actividade quedará condicionado á realización dos trámites de verificación da súa sinatura e selo. Os trámites de verificación de sinatura e selo, así como a entrega do título e do carné, serán realizados, ben a través das delegacións e subdelegacións do Goberno para aqueles tradutores/as-intérpretes xurados/as que residan en territorio nacional, ben a través das correspondentes oficinas consulares para aqueles tradutores/as-intérpretes xurados/as que desempeñen a súa actividade desde un país estranxeiro.

2. O título de tradutor/a-intérprete xurado/a habilitará para o exercicio da actividade en todo o territorio nacional.»

Doce. O artigo 17 pasa a ser o artigo 12 co título «Honorarios» e terá a seguinte redacción:

«Os tradutores/as-intérpretes xurados/as fixarán libremente os honorarios que deban percibir polas súas actuacións.»

Trece. Engádese un artigo 10 co título «Rexistro de tradutores/as-intérpretes xurados/as» que terá a seguinte redacción:

«1. Os tradutores/as-intérpretes xurados/as serán inscritos de oficio no Rexistro de tradutores/as-intérpretes xurados/as do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación unha vez nomeados e asignaráselles un número de rexistro correlativo que será único con independencia do número de idiomas para os cales obtívese o título.

2. O Rexistro será único para todos os tradutores/as-intérpretes xurados/as nomeados polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. As delegacións e subdelegacións do Goberno, así como as oficinas consulares, poderán solicitar á Oficina de Interpretación de Linguas datos contidos no Rexistro de tradutores/as-intérpretes xurados/as, con fins informativos e estatísticos.

3. O tratamento dos datos contidos nel aterase ás disposicións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Catorce. Engádese un artigo 11 co título «Listaxe de tradutores/as-intérpretes xurados/as» que terá a seguinte redacción:

«Con carácter periódico e para efectos informativos, a Oficina de Interpretación de Linguas elaborará unha lista cos nomes e apelidos de todos os tradutores/as-intérpretes xurados/as que fosen nomeados polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ata esa data, indicando, así mesmo, os idiomas para cuxa tradución e interpretación foron habilitados. Xunto a esta información figurarán os seus datos de contacto e se están en exercicio activo, sempre que aqueles así o desexen e o comuniquen á Oficina a través dos medios que esta dispoña para tal fin e que se especificarán na orde de desenvolvemento deste real

decreto. Esta listaxe estará á disposición do público na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e nos correspondentes taboleiros de anuncios.»

Disposición adicional única. *Títulos anteriores.*

Os títulos de intérpretes xurados expedidos conforme o procedemento regulado no Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto, e na Orde do Ministerio de Asuntos Exteriores, do 8 de febreiro de 1996, quedan equiparados, para todos os efectos, aos expedidos a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio relativo ao requisito de estar en posesión do título de grao.*

Aquelas persoas que estean en posesión dun título español de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, ou un título estranxeiro que fose homologado a algún deles, poderán seguir concorrendo aos exames de tradutores/as-intérpretes xurados/as.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio relativo ao nomeamento con exención de exame para os licenciados en tradución e interpretación.*

1. As persoas que se encontren en posesión da licenciatura en tradución e interpretación, ou dun título estranxeiro que fose homologado a este, e reúnan os demais requisitos expresados no artigo 8, poderán solicitar á Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, no prazo máximo e improrrogable de seis meses contado desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», o título de tradutor/a-intérprete xurado/a con exención de exame, sempre e cando acrediten mediante a correspondente certificación académica que superaron as materias de tal licenciatura que, conforme os plans de estudo das correspondentes facultades, outorguen aos licenciados unha preparación específica en tradución xurídica e económica e interpretación na lingua ou linguas para as cales se solicite o título, segundo o establecido na Orde AEX/1971/2002, do 12 de xullo.

2. A aquelas persoas matriculadas actualmente en calquera curso dos estudos universitarios da licenciatura de Tradución e Interpretación que soliciten o título de tradutor/a-intérprete xurado/a con exención de exame dentro do ano natural en que finalicen os estudos conducentes á obtención do título por esta vía, seralles de aplicación a normativa prevista na Orde AEX/1971/2002, do 12 de xullo. Este procedemento deixará de aplicarse definitivamente o 30 de setembro de 2015.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Asuntos Exteriores
e de Cooperación,
MIGUEL ÁNGEL MORATINOS CUYAUBÉ